

## A FECUNDACIÓN

- Ocorre nas **trompas de Falopio** do aparato reprodutor feminino (fecundación interna).
- Ten lugar **durante a ovulación**, que é o periodo fértil das mulleres. O óvulo vive entre 24-48 horas e os espermatozoides viven 72 horas, polo tanto os días fértiles comprenden tres días antes e tres días despois da ovulación dunha muller.
- É o proceso de unión do espermatozoide co óvulo, para formar un **cigoto** (1ª célula dun novo individuo). O cigoto divídese en varias células e forma unha **mórula**, e a partir desta un **embrión**. O embrión móvese dende as trompas cara o útero, onde se produce a súa **implantación**, penetrando no endometrio uterino.



## A PLACENTACIÓN


- Despois da implantación prodúcese a placentación, que é o proceso mediante o cal se forman a **placenta**, o **cordón umbilical** e a **bolsa amniótica**. É importante porque cando se

esgota o vitelo do óvulo, o embrión (e posteriormente o feto), necesita obter nutrientes e osíxeno da nai.

- A **placenta**: fórmase na parede do endometrio e **conecta á nai co embrión**. A través deste órgano o embrión (posteriormente feto) realiza as funcións de respiración, nutrición e excreción.

- **Cordón umbilical**: **conecta a placenta** co embrión e feto. Contén dúas arterias e unha vea polas que se transportan os nutrientes, osíxeno, dióxido de carbono e refugallos.

- **Bolsa amniótica**: é unha **bolsa membranosa** chea de **líquido amniótico** dentro da que se desenvolve o embrión e posteriormente o feto, protexéndoo do desecamento e dos golpes. O embrión ou feto non afoga porque aínda non realiza ventilación pulmonar, é dicir, non respira polo pariz, que durante toda a xestación se atopa taponada.



## A XESTACIÓN

- A xestación ou embarazo iníciase ao mesmo tempo que a placentación. É o período no que se forman tódolos órganos do novo individuo e dura aproximadamente **40 semanas** (comeza a contarse dende a última regra da muller).

A xestación divídese en tres trimestres:

- Primeiro trimestre: ata a semana 12. O **corazón comeza a latexar** e fórmanse os órganos. O embrión pasa a chamarse **feto**.

- Segundo trimestre: ata a semana 26. Maduran os sistemas nervioso, circulatorio e excretor. Nótanse os **movementos do feto** e pode verse o **sexo** mediante ecografía.

- Terceiro trimestre: dende a semana 27 ata o final da xestación. **Maduran tódolos órganos**, aumenta o seu tamaño e peso, cara o final do trimestre encaixa a cabeza na canle do parto.

## PARTO

O embarazo finaliza co parto ou nacemento, que é a saída do bebé ao exterior a través do colo do útero e a vaxina. Consta de tres momentos:

- Dilatación: o **miometrio contráese** e empuxa o bebé cara o colo do útero, que se dilata. A bolsa amniótica rompe e o líquido amniótico sae ao exterior (**rotura de augas**).

- Expulsión: as **contraccións** empuxan o **bebé** cara o **exterior** a través do colo do útero e a vaxina, que están totalmente dilatados. Cando sae, **córtase o cordón umbilical** e estímase o **choro** do neno. No cordón cortado pónselle unha pinza para que non perda sangue por el, ao longo das primeiras dúas semanas de vida o resto do cordón vai secando e cae, deixando o embigo.

- Libramento: as contraccións expulsan a **placenta**, o cordón umbilical e os restos do endometrio.